

A CIG-Ensino insta á Consellaría de Educación a asumir a súa responsabilidade en materia de igualdade

Amosamos en diversas ocasións á administración educativa a nosa preocupación pola falta de cumprimento da normativa que xira arredor da igualdade no eido educativo, tanto no ámbito laboral como nos centros de ensino.

Toda administración pública, na súa condición de empregadora, está obrigada a elaborar un plan de igualdade, que non pode ser imposto de maneira unilateral, debendo recorrer á súa negociación colectiva. Os plans de igualdade, tanto do sector público como privado, constitúen un conxunto de medidas adoptadas despois de realizar un diagnóstico de situación, tendentes a alcanzar a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo.

Os obxectivos a alcanzar nun plan de igualdade de calquera entidade pública

A CIG-Ensino leva anos reclamando que a Consellaría de Educación constitúa a comisión de negociación do plan de igualdade do persoal docente.



Secretaría das mulleres

pasarán pola promoción da igualdade de trato e

oportunidades no emprego público, así como as estratexias ou medidas a adoptar para a súa consecución.

O plan de igualdade dotará á Administración dunha ferramenta que permita a **representación equilibrada e garantir a**

igualdade efectiva entre mulleres e homes no emprego público e nas condicións de traballo. Son exemplos de desigualdade, entre moitos outros: a discriminación que se produce cando non se reserva unha vacante a unha muller en situación de IT derivada do embarazo, a falta de previsión da administración para que unha nai poida

aleitar unha crianza durante as oposicións sen perda de dereitos, a infrarrepresentación feminina nos cargos directivos, a fenda salarial derivada das excedencias e reducións de xornada que asumen as maioritariamente as mulleres ...

Ademais o plan de igualdade debe recoller a **prevención do acoso moral, sexual, por razón de sexo ou por razón de orientación sexual, identidade e/ou expresión de xénero** que se puidera producir no traballo e ante o que non existe un protocolo de actuación que ampare ao profesorado.

A Consellaría de Educación menospreza o traballo de coordinación de igualdade nos centros educativos e desatende os plans de igualdade do alumnado

A instrución do 6 de setembro 2019 ten por obxecto regular a elaboración do plan de igualdade dos centros docentes sostidos con fondos públicos e recolle que a Inspección educativa ten a obriga de supervisar ese plan para verificar a súa adecuación ao establecido nas instrucións, formular as suxestións oportunas e indicar as correccións que procederan. Mais na CIG-Ensino non nos consta que esta labor se estea levando a cabo, polo que demandamos á Consellaría en diversas ocasións un **apoio e seguimento dos**

plans e protocolos dos centros e o fomento e creación de equipos específicos e amplos de igualdade e a dotación dunha persoa coordinadora con asignación horaria, en igualdade de condicións con outras coordinacións existentes nos centros.

Na CIG-Ensino traballamos para a mellora da formación docente en coeducación e levamos anos poñendo a disposición do profesorado recursos para a elaboración e actualización dos plans de igualdade dos centros educativos, porque cremos neles como ferramenta. Dispoñemos na nosa páxina web dunha sección, mulleres, onde ademais de ditos recursos se recollen as referencias legais en materia de igualdade a ter en conta á hora de elaborar os plans de igualdade: <https://www.cig-ensino.gal/mulleres.html>

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal